

OBRADOIROS MONOGRÁFICOS DE VERÁN 2020



CÓMO CREAR UN OBRADOIRO TEATRAL

Datas de celebración: do 13 ao 17 de xullo

Duración: 20 horas

Hora: de 16:30 a 20:30 horas

Modalidade: Online

Perfil do alumnado: maiores de 18 anos empadroados en Vigo

Mestras: Eva Vila Barros e Sonsoles Cordón Troncoso

Contacto: em.teatro@vigo.org ou 986 485 324

Preinscrición: Enviar por correo electrónico a em.teatro@vigo.org (Formulario descargable na páxina web da Escola Municipal de Teatro www.emtvigo.com)

Prazos:

- Preinscricións: do mércores 3 ao venres 19 de xuño
- Publicación de admitidos: luns 22 de xuño
- Formalización de matrícula: do martes 23 ao venres 26 de xuño

Nº de prazas ofertadas:

Admitiranse un máximo de 20 persoas por curso. No caso de que a demanda excedese á oferta de prazas, faríase un sorteo.

Prezo: 26,00 euros



OBRADOIRO CÓMO CREAR UN OBRADOIRO TEATRAL

Este obradoiro pretende impartir unha metodoloxía adecuada ao profesorado de teatro dos colexios, institutos e asociacións culturais o iniciativas privadas, para iniciar aos seus alumnos/as, na práctica das actividades teatrais. Daremos a coñecer os medios e recursos axeitados para desenvolver estes obradoiros.

Obxectivos xerais

- Xerar o marco teórico-práctico necesario para o desenvolvemento dun obradoiro teatral.
- Xerar recursos que faciliten o estado de confianza para a creatividade no proceso de ensinanza.
- Planificar unha metodoloxía adecuada para iniciar o alumnado infantil, primaria e secundaria e persoas adultas, na práctica de actividades teatrais, utilizando medios e recursos axeitados.

Obxectivos específicos

- Ampliar os códigos de comunicación para a obtención de maiores recursos inherentes ao potencial expresivo.
- Establecer unha metodoloxía clara para enfrontarse á posta en escena dun espectáculo de teatro afeccionado.
- Incorporar os diferentes puntos de partida dun proxecto teatral.
- Aproveitar todos os recursos dispoñibles e as características do grupo na posta en marcha dun espectáculo teatral.
- Ser quen de adaptar unha idea ás posibilidades e necesidades dun grupo ou colectivo concreto.
- Distinguir as diferentes fases e áreas do que engloban a preparación dunha representación teatral.
- Valorar a importancia do traballo sobre o texto e afondar na análise inicial.
- Emprego dun sistema de anotación útil para rexistrar todo o que pasa en escena e ter unha visión esquemática do espectáculo.
- Coñecer todos os elementos que inflúen na posta en escena e saber utilizalos para mellorar unha proposta de creación escénica.
- Adquirir unha visión analítica para poder valorar o traballo e incorporar posibles melloras.
- Desenvolver habilidades de reflexión de grupo e traballo en equipo.

Contidos

1. UNIDADE DIDÁCTICA I: TEATRO, EDUCACIÓN E XOGO

- Educación e teatro
- A execución da actividade de animación teatral
 - Usuarios
 - Tempo
 - Espazos
 - Finalidades
 - Competencias
 - Obxectivos
 - Plan de actividades



- Estrutura
- Ferramentas
- A teatralidade de Augusto Boal: Teatro do oprimido
- Cómo agrupar aos alumnos/as

2. UNIDADE DIDÁCTICA II: ORGANIZAR UNHA CLASE DE TEATRO

- Estrutura básica dunha clase de teatro.
- Dinámicas de xogo, desinhibición, creatividade e imaxinación.
- O corpo. Obxectivos da expresión corporal e exercicios prácticos.
- A voz. A expresión oral e a proxección vocal. Exercicios prácticos.
- A improvisación como elemento primordial do xogo dramático.
- Análise e reflexión sobre o traballo realizado.

3. UNIDADE DIDÁCTICA III: ¿QUÉ PODO MONTAR?

- Análise das características do grupo (idade, número de persoas, experiencia).
- Análise dos recursos que temos a disposición (materiais humanos, de infraestrutura).
- Elección da obra en función das características do grupo.
- Planificación do traballo en función do tempo que temos a disposición.
- Comezamos a pensar no texto: Escolla dun material textual adaptado as características do grupo.

4. UNIDADE DIDÁCTICA IV: PROCESO DE POSTA EN ESCENA, O TEXTO

- Elección do proxecto
 - Texto teatral orixinal
 - Adaptación dun texto.
 - Creación propia ou colectiva.
- O reparto
 - Aspectos a ter en conta na elaboración dun reparto
 - Adecuar o reparto aos obxectivos do proxecto.
 - Compartir a responsabilidade do reparto.
- O texto
 - Lectura e análise de texto. Argumento e conflitos
 - Exercicios da comprensión da dramaturxia
 - Análise das personaxes

5. UNIDADE DIDÁCTICA V: POSTA EN ESCENA 2, DO TEXTO Á REPRESENTACIÓN

- Elaboración dun caderno de dirección:
 - Visualización por escenas.
 - Colocación das actrices/actores.

- Movementos escénicos.
- Entradas e saídas de personaxes.
- Entradas e saídas de elementos escenográficos/atrezzo.
- Espazo escénico e iluminación:
 - Elección e construción dos elementos escenográficos (ou espazo baleiro).
 - Ensaios cos elementos escenográficos e de atrezzo.
 - Deseño da iluminación.
- Espazo sonoro
 - Atmosferas
 - Músicas
 - Cancións
- Ensaios:
 - Ensaios por escenas.
 - Ensaios cos elementos escenográficos e de atrezzo.
 - Ensaios de transicións.
 - Ensaios xerais.
- Ensaios xerais finais:
 - Valoración da posible modificación dalgunha escena
 - Adaptación das transicións.
 - Traballo do ritmo.
 - Ensaios con público.

Metodoloxía didáctica

As clases serán on-line, cunha metodoloxía teórico-práctica, con plantexamento de exercicios en cada unha das unidades didácticas.

Currículo Eva Vila Barros

Licenciada en Arte Dramático pola RESAD de Madrid. Máster en Artes Escénicas pola Universidade de Vigo. Cofundadora da compañía de teatro infantil A Loca-Motora. Traballou nas compañías Teatro Aforo, Arte Pingüe Teatro, Os Quinquilláns Teatro de Rúa, Teatro del Silencio e Teatro de los Sentidos. Narradora oral en foros universitarios de Bogotá; bibliotecas, feiras do libro e escolas de primaria de Galicia e en cafés teatro de Madrid.

Realizou obradoiros de formación con Eduardo Vasco, Alfredo Padilla, José Luis Raymond, Abraham Celaya, Jean Marie Binoche, Juan Carlos Agudelo, Gabriel Guimard e Francisco Garzón Céspedes. Impartiu clases de teatro en academias privadas, Vocalía da muller do Concello de Vigo, asociación e escolas de primaria. Actualmente, imparte clases de Interpretación na Escola Municipal de Teatro de Vigo e colabora habitualmente, como actriz, na sala de teatro independente Teatro Aforo.



Currículo Sonsoles Cordón Troncoso

Titulada superior en arte dramática na especialidade de Interpretación Xestual pola ESAD de Galicia. Formación complementaria en Commedia dell'Arte polo ICAI de Venecia, danza clásica e contemporánea, cabaré, burlesque e baile tradicional galego.

Como actriz desenvolve a súa carreira profesional no eido da escena e o audiovisual. Xunto á compañía Feira do Leste estreou dous espectáculos: Exilio das Moscas (2016) e Tras Tannhäuser (2017), este último seleccionado no Programa Creación Joven 2017 do INJUVE. Actualmente actúa coma performer coa cía. Butaca Zero en Despois das Ondas, peza gañadora do XVII Premio Rafael Dieste de Textos Teatrais. Paralelamente coa súa Cía. BeSo Teatro, realiza o espectáculo de narración oral Coa Porta Aberta (incluído en programas como No verán...Un conto ou Ler conta moito). Dende o 2014 traballa en colaboración co CSIC no proxecto Ciudad Ciencia co espectáculo infantil Que traballo tan curioso! Compaxina a súa carreira coma actriz coa actividade docente, impartindo cursos de teatro e danza para nenos e adultos.